



ACTA N.º 3 DA MESA DE CONTRATACIÓN RELATIVA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DA OBRA DE MELLORA DE PAVIMENTO NA AVDA. ÁLVARO CUNQUEIRO E RÚA MESÍA, SUBSTITUCIÓN DE CANLE NA RÚA CURROS ENRÍQUEZ E EXECUCIÓN DE BEIRARRÚA NA AVDA. ÁLVARO CUNQUEIRO (PARQUE EMPRESARIAL DE SIGÜEIRO)

(EXPDTE: 2024/C003/000005)

LUGAR: Salón de Plenos do Concello de Oroso
DATA: 26/08/2024
HORA: 10:38 horas

ASISTENTES:

Alexánder Doval Expósito, Alcalde
Carlos Temprano Temprano (interventor municipal), vogal.
Federico Suárez Cancelo (secretario municipal), vogal
Ana María Liñares Castro (técnica de contratación), secretaria suplente

ORDE DO DÍA:

- 1.- Apertura do acto “Apertura de requerimiento de documentación”.
- 2.- Informes de cualificación da documentación presentada polo licitador proposto como adxudicatario, acreditativa do cumprimento de requisitos previos, emitidos polo director da obra e pola técnica de contratación do Concello.

1.- APERTURA DO ACTO “APERTURA DE REQUERIMIENTO DE DOCUMENTACIÓN”

En data 12.08.24, mediante comunicación electrónica de requirimento de documentación para a adxudicación do contrato de “OBRA DE MELLORA DE PAVIMENTO NA AVDA. ÁLVARO CUNQUEIRO E RÚA MESÍA, SUBSTITUCIÓN DE CANLE NA RÚA CURROS ENRÍQUEZ E EXECUCIÓN DE BEIRARRÚA NA AVDA. ÁLVARO CUNQUEIRO (PARQUE EMPRESARIAL DE SIGÜEIRO)”, requeriuse a MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A. para que, dentro do prazo de sete días hábiles a contar dende o seguinte a aquel no que se puxera a disposición a comunicación electrónica de requirimento a través da Plataforma de Contratos del Sector Público, presentara a través da dita plataforma a documentación referida na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato.

Consta na Plataforma de Contratos do Sector Público a recepción por parte da mercantil do citado requirimento en data 12.08.2024.

Unha vez constituída a Mesa, a secretaria da comezo ao acto “Apertura de requerimiento de documentación” na plataforma.



Consta na mesma que en data 22.08.2024, dentro do prazo habilitado, a mercantil presentou documentación a través da Plataforma de contratación do sector público. A secretaria da Mesa procede ao descifrado e apertura da documentación presentada.

Tendo en conta o anterior, a Mesa de contratación adopta por unanimidade os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Dar traslado da documentación ao arquitecto municipal D. Manuel Suárez Bermúdez e á técnica de contratación do Concello D^a Ana María Liñares Castro para a emisión dos informes de cualificación da documentación presentada polo licitador proposto.

SEGUNDO.- Suspender a sesión ata que o arquitecto municipal e a técnica de contratación emitan ditos informes.

O día 29.08.24 as 10:25 horas reanúdase a sesión incorporándose á mesma Dolores Cores Liste (administrativa de tesourería) como vogal suplente en substitución de Carlos Temprano Temprano, interventor do concello, Manuel Suárez Bermúdez (arquitecto municipal) e Ana María Alonso del Río, secretaria da mesa.

2.- INFORMES DE CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLO LICITADOR PROPOSTO COMO ADXUDICATARIO ACREDITATIVA DO CUMPRIMENTO DE REQUISITOS PREVIOS, EMITIDOS POLO DIRECTOR DA OBRA E POLA TÉCNICA DE CONTRATACIÓN DO CONCELLO.

A secretaria da Mesa procede a dar lectura ao informe emitido en data 28.08.2024 polo arquitecto municipal D. Manuel Suárez Bermúdez, de cualificación da documentación presentada polo licitador proposto como adxudicatario MISTURAS OBRAS Y PROYECTOS, S.A., que literalmente dí:

“INFORME SOBRE MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS DA OBRA DENOMINADA “MELLORA DE REDE VIARIA NA AVDA. ÁLVARO CUNQUEIRO E RÚA MESÍA, SUBSTITUCIÓN DE CANLE NA RÚA CURROS ENRÍQUEZ E EXECUCIÓN DE BEIRRARRÚA NA AVDA. ÁLVARO CUNQUEIRO (PARQUE EMPRESARIAL DE SIGÜEIRO)”

Nº EXPEDIENTE: 2024/C003/000005

PROXECTO: Mellora de pavimento na Avda. Álvaro Cunqueiro e rúa Mesía, substitución de canle na rúa Curros Enríquez e execución de beirrarrúa na Avda. Álvaro Cunqueiro (parque empresarial de Sigüeiro)

SITUACIÓN: Avda. Álvaro Cunqueiro, rúa Mesía e rúa Curros Enríquez – parque empresarial de Sigüeiro – Concello de Oroso (A Coruña)

PROMOTOR: Concello de Oroso

Manuel Suárez Bermúdez, arquitecto municipal do Concello de Oroso, en relación coa contratación das obras de “MELLORA DE REDE AVDA. ÁLVARO CUNQUEIRO E RÚA



MESÍA, SUBSTITUCIÓN DE CANLE NA RÚA CURROS ENRÍQUEZ E EXECUCIÓN DE BEIRARRÚA NA AVDA. ÁLVARO CUNQUEIRO (PARQUE EMPRESARIAL DE SIGÜEIRO)” a realizar no parque empresarial de Sigüeiro, no concello de Oroso (A Coruña), no expediente de contratación 2024/C003/000005

INFORMA:

En relación coa documentación aportada pola entidade mercantil “MISTURAS OBRAS Y PROYECTOS, S.A.”, na parte correspondente aos medios persoais e materiais aportados para levar a cabo a obra denominada “Mellora de pavimento na Avda. Álvaro Cunqueiro e rúa Mesía, substitución de canle na rúa Curros Enríquez e execución de beirarrúa na Avda. Álvaro Cunqueiro (parque empresarial de Sigüeiro)”, considérase que son adecuados para a execución da obra.

Así faise constar aos efectos oportunos, e asina dixitalmente o arquitecto municipal do concello de Oroso, D. Manuel Suárez Bermúdez.”

De seguido a secretaria da Mesa procede a dar lectura ao informe emitido en data 28.08.2024 pola Técnica de contratación do Concello , D^a Ana María Liñares Castro, de cualificación da documentación presentada polo licitador MISTURAS OBRAS Y PROYECTOS, S.A., acreditativa do cumprimento de requisitos previos para a adxudicación do contrato, que literalmente di:

“ASUNTO: INFORME DE CALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS PREVIOS PRESENTADA POLO LICITADOR MISTURAS, S.A., PROPOSTO COMO ADXUDICATARIO DO CONTRATO DE OBRA DE MELLORA DE PAVIMENTO NA AVDA. ÁLVARO CUNQUEIRO E RÚA MESÍA, SUBSTITUCIÓN DE CANLE NA RÚA CURROS ENRÍQUEZ E EXECUCIÓN DE BEIRARRÚA NA AVDA. ÁLVARO CUNQUEIRO (PARQUE EMPRESARIAL DE SIGÜEIRO)

(EXPDTE: 2024/C003/000005)

ANA MARÍA LIÑARES CASTRO, TÉCNICA DE CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE OROSO (A CORUÑA) INFORMO:

Analizada a documentación presentada por MISTURAS,S.A..con C.I.F número A32118705 compróbase que aportou a seguinte documentación no prazo habilitado:

1.- CAPACIDADE DE OBRAR E NON PROHIBICIÓN DE CONTRATAR

Comprobouse, no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que consta como obxecto social, entre outros, a execución de obras e construcións e non figura ningunha prohibición de contratar.

2.- SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA, TÉCNICA OU PROFESIONAL

Comprobouse no Rexistro Xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia que MISTURAS,S.A. figura clasificada no grupo G, subgrupo 4, categoría 6 (aplicable a este contrato).



3.- ACREDITACIÓN DE MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS

Consta informe favorable do arquitecto municipal, don Manuel Suárez Bermúdez do 28.08.2024.

4.- GARANTÍA DEFINITIVA

Acredita a constitución de garantía definitiva mediante certificado de seguro de caución nº 62743585 por importe de 5.069,58 euros, correspondente ao 5% do prezo final ofertado por dita mercantil.

CONCLUSIÓNS

A vista do anterior conclúese que a documentación presentada por MISTURAS,S.A., cumpre cos requisitos e condicións establecidas no prego de cláusulas administrativas particulares para a adxudicación do contrato de MELLORA DE PAVIMENTO NA AVDA. ÁLVARO CUNQUEIRO E RÚA MESÍA, SUBSTITUCIÓN DE CANLE NA RÚA CURROS ENRÍQUEZ E EXECUCIÓN DE BEIRARRÚA NA AVDA. ÁLVARO CUNQUEIRO (PARQUE EMPRESARIAL DE SIGÜEIRO) (EXPDTE: 2024/C003/000005)

En Oroso na data da sinatura dixital
A técnica de contratación

Ana Mª Liñares Castro”

Á vista de todo o anterior a Mesa de contratación acorda por unanimidade o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar o informe emitido polo arquitecto municipal D. Manuel Suárez Bermúdez de data 28.08.2024 de de cualificación da documentación presentada polo licitador proposto como adxudicatario, MISTURAS OBRAS Y PROYECTOS, S.A..

SEGUNDO.- Aprobar o informe emitido pola Técnica de contratación do Concello, Dª Ana María Liñares Castro de data 28.08.2024 sobre a documentación acreditativa de cumprimento de requisitos previos para a adxudicación do contrato, presentada polo licitador proposto como adxudicatario, MISTURAS OBRAS Y PROYECTOS, S.A..

TERCEIRO.- Ratificar ante o órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato a favor de MISTURAS OBRAS Y PROYECTOS, S.A..

Sen máis asuntos que tratar, sendo as 10:47 horas do día 29.08.2024 o Presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria, para os efectos de dar fe dos acordos adoptados pola Mesa de Contratación.

SECRETARIA
DA MESA DE CONTRATACIÓN

PRESIDENTE

VOGAIS